

O HOME, A COBRA E O RAPOSO

Unha vez ía un home polo monte e atopou unha cobra entalada nun penedo, onde estaba sen poder saír. Víaselle só a testa.

—Señor home —díxolle a cobra—, ¿quéreme quitar este penedo que está enriba de min e que me está magoando o corpo todo? ¡Se mo quita, heino facer feliz!

Entón o home ergueu a pedra a viu como saía unha cobra un mundo longa, que lle dixo:

—¡Agora voute comer!

—¿E por que? —díxolle o home, que quedara dunha peza ao ver tamaña ingratidade.

—Porque podo en ti —contestoulle o diaño da cobra—. Porque teño máis forza ca ti.

—¡Págasme ben o favor que che fixen! —dixo o home.

—¡Non foras burro! Agora voute comer —púxose a cobra.

Entón, ao home veulle un pensamento e propuxo:

—¡Iso non está ben, porque fixemos un trato! Mira, ¡imos buscar un avogado para ver a quen lle dá a razón!

E foron na procura do avogado. No camiño atoparon un burro vello.

—E logo —díxolle o home— ¿quere ser meu avogado? É que saquei á cobra de baixo dun penedo onde estaba entalada e agora quéreme comer...

—Non —dixo o burro—, que eu estiven na casa do home, e en canto que fun novo, traballei arreo e dábame paus, e agora que vou vello, botoume fóra morrer de fame ou comesto dos lobos. Non, eu non quero axudar aos homes: ¡vai petar noutra porta!

E o home, moi triste, botou a andar. Máis adiante, ¿toparon un can vello e díxolle o home:

—E logo, ¿ti quererás ser o meu avogado? É que saquei á cobra de baixo dun penedo onde estaba entalada e agora quéreme comer...

—Non —dixo o can—, que eu estiven na casa do home e, en canto ladrei e fun fero amarráronme na cepa dun hórreo, e agora, que non sirvo máis que para ir durmir ao palleiro, déronme un pau no lombo e botáronme a morrer polos caminos. Non, eu non quero axudar aos homes: ¡vai petar noutra porta!

E o home, cada vez máis triste, volveu a andar. E máis adiante deron co raposo.

O home contoulle ao raposo o que sucedera, e este díxolle que lle había de axudar se lle pagaba ben.

—Dareiche as dúas mellores pitas que teño se saio con ben —prometeu o home.

Entón, foise o raposo e dixo que para dar a consulta tiñan todos que volver ao lugar onde pasaran as cousas.

Cando chegaron alá, díxolle á cobra que tiña que poñerse na mesma postura en que estaba. Ao que se deitou ela, o raposo púxolle o penedo de riba e dixo:

—¿Estabas así mesmo?

—Estaba.

—¿E non podes saír ti sen que te saquen?

—Non.

—Pois, por desagradecida, ¡quedaste aí!

O home volveu para a súa casa e contoulle á muller o que pasara e a promesa que fixera. Ela non lle deixou dar as pitas e mandoulle que, en vez delas, lle dera ao raposo metidos nunha cesta, cando viñera, un par de cans coma toutizos que tiña.

Cando chegou o raposo buscar as pitas, foille o home coa cesta, e o raposo, ao chegarse, púxose a ulila desconfiando algunha cousa.

—¡Cheira a can! —dixo o raposo mentres erguía un pouco coa patiña a tapa da cesta.

E tapouna axiña.

—Pitas serán, ¡pero óleme a can! —dixo mentres levantaba de novo un pouquiño a tapa e a volvía baixar.

E foise o home e abriulle de todo a cesta ceibando os cans, que pegaron a correr detrás do raposo. Este, mentres fuxía monte arriba, ía dicindo:

—Arriba, pernas,
arriba, zancas,
que neste mundo
todo son trampas.

Ao que chegou ao seu tobo, sentouse morto de cansazo e púxose a lamber os pés mentres dicía:

—¡Ai, meus peíftos!
¡ai, meus peáns!
Se non forades vós,
¡comíanme os cans!